

**NOTA DE PRENSA 021/23****11 DE MAIO DE 2023****O RALLYE MARIÑA LUCENSE, TERCEIRA PARADA CO CAMPIONATO  
GALEGO DE RALLYES**

Despois dun comezo con dúas probas en apenas 15 días, o Campionato Galego de Rallyes afronta xa con máis calma a terceira parada do ano esta fin de semana coa celebración do Rally Mariña Lucense.

A proba, organizada por Mix Rallye Sports, afronta a súa quinta edición cun dos percorridos máis fermosos de todo o certame autonómico, con epicentro en Viveiro.

Precisamente, de Viveiro partirán os 85 equipos inscritos cara os treitos (o venres competirán en dúas especiais e o sábado en oito mais) logo da cerimonia de saída, que será as 20:00 horas do venres 12 de maio na Travesía da Mariña. Nese mesmo lugar, o sábado 13 de maio, será a cerimonia de entrega de trofeos a partir das 22:00 horas da noite.

Nesta terceira parada do Campionato Galego de Rallyes, a principal novidade e o comezo do Criterium Recalvi / Beca 24, que procura a máxima igualdade a custes reducidos e ser o primeiro paso competitivo dentro dos rallyes autonómicos. Ademais, o premio final, cinco probas aos mandos dun Dacia Sandero en Galicia no 2024 é realmente atractivo.

Como non, na lista de inscritos, os principais favoritos ao triunfo no certame, con Víctor Senra e David Vázquez novamente no Citroën C3 WRC co dorsal 1 nas portas. Entre o resto de candidatos Alberto Meira e Avelino Martínez, Luis Vilariño e Enrique Velasco ou os sempre competitivos vehículos N5, entre os que se atopan os dous equipos becados pola FGA, compostos por Alexis Vieitez e Cristian Álvarez e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, ambos con Nissan Micra.

Tamén estarán as distintas copas Top Ten Pirelli Driver Autia, o Volante FGA – PXP 23 e a Pirelli AMF, conformando un elenco de participantes de alto nivel.

## **Programa Horario do Rallye Mariña Lucense:**

### **Venres, 12 de maio**

TC1 – Cervo // 20:35 horas

TC2 – Xove // 20:58 horas

### **Sábado, 13 de maio**

TC3 – Vicedo // 08:56 horas

TC4 – Cervo // 09:59 horas

TC5 – Xove // 10:37 horas

TC6 – Vicedo // 13:45 horas

TC7 – Muras // 15:08 horas

TC8 – Ouroi // 15:45 horas

TC9 -- Muras // 18:41 horas

TC10 – Ouroi // 19:18 horas

Entrada parque pechado final do Rally (Travesía da Mariña, Viveiro) // 20:08 horas